

**NORMAS DE PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN PARA A
“2ª XORNADA DE RESIDENTES DE ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA”**

SANTIAGO DE COMPOSTELA – 30 DE MAIO DE 2016

Envío do resumo do traballo

- Tódolos residentes que desexen participar na 2ª Xornada de Residentes de Enfermería Familiar e Comunitaria, deberán enviar os resumos do seu traballo á seguinte dirección de correo electrónico: comitecientificoresidentes@agefec.org.
- Os resumos terán unha extensión entre 2-5 páxinas (máximo 1500 palabras).
- Os resumos conterán as seguintes seccións:
 1. Título
 2. Palabras clave
 3. Introducción / Antecedentes e Obxectivo/s
 4. Material e métodos
 5. Resultados
 6. Discusión e/ou Conclusión/s
 7. Bibliografía.
- No caso de presentar proxectos de investigación, os puntos anteriores 5 e 6, non serán necesarios.
- No caso de ter resultados provisionais do estudo, teranse en conta positivamente.
- As linguas de presentación dos traballos serán o galego ou castelán.

Datas a ter en conta

- A data límite para a recepción do resumo do traballo presentado á 2ª Xornada será o **15 de Maio de 2016**.
- Non se aceptarán traballos recibidos pasada esta data.
- O día **20 de Maio de 2016** o comité científico, notificará na/s dirección/s electrónica/s facilitada/s para a correspondencia, a aceptación ou rexeitamento dos traballos científicos e a hora da súa defensa dentro da 2ª xornada.
- Unha vez admitido o traballo remitiranse as diapositivas en formato Power-Point a través da dirección de e-mail: comitecientificoresidentes@agefec.org antes do día **27 de maio de 2016** e non se admitirán cambios posteriores.

Presentación dos traballos

- A persoa que figure como primeiro autor/a será a encargada de defender publicamente o traballo.
- As linguas empregadas durante a presentación serán o galego ou o castelán.
- Medios audiovisuais: as presentacións faranse baixo o formato Power Point. Se necesita algún outro medio audiovisual, póñase en contacto co Comité Organizador da 2ª Xornada.
- A duración de cada comunicación será dun máximo de 10 minutos.

Premio ó mellor traballo científico

- Concederáse un premio ó mellor traballo comunicado. Para poder optar a premio será necesario:
 - ✓ Cingirse ás normas que se expoñen neste documento.
 - ✓ Cingirse ó tempo de exposición permitido (10 minutos).
 - ✓ Cumprir coas normas internacionais sobre produción de traballos científicos.
 - ✓ A decisión do Comité Científico será inapelable.
- En caso de publicación do traballo premiado nunha revista científica, deberase facer mención da recepción deste premio.
- O envío de traballos científicos ás xornadas supón a aceptación e seguimento destas normas.

O autor do mellor traballo fin de residencia, a xuízo do Comité Científico, presentado o día 30 de maio na 2ª Xornada, terá a posibilidade de ver publicado o seu traballo na Revista Enfermería Comunitaria (<http://www.index-f.com/comunitaria/revista.php>), dispoñible na Hemeroteca cantárida de Ciberindex.

A Fundación Index ofértanos a "proposta de publicación" nesta revista, téndose que adaptar o traballo premiado a algúns dos formatos de publicación aceptados na revista e superar o proceso de avaliación (<http://www.index-f.com/comunitaria/estilo.php>). Esta opción estaría dispoñible para traballos de investigación.

No caso de que se prefira a súa publicación en formato orixinal como traballo de fin de residencia, a fundación Index oferta a súa publicación na Biblioteca Lascasas (<http://www.index-f.com/lascasas/lascasas.php>), dado que é a única revista que ten unha sección de traballos académicos (<http://www.index-f.com/lascasas/estilo.php>).